

CULTURA

MGL

Refª: Bases para a adxudicación de praza na guardería.doc

Asunto: normas procedimentales para adxudicación de prazas na escola infantil

NORMAS PROCEDEMENTALES QUE REGULARÁN A ADXUDICACIÓN DE PRAZAS NA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL SERRA DE OUTES- (Aprobadas por Resolución da Alcaldía número 86/2008 da área de Cultura, Turismo e Educación)

1ª.- Requisitos para ser adxudicatario:

- a). Estar nacido o neno ou a nena para o/a que solicita praza
- b). Estar empadroado e residir no concello de Lugo a unidade familiar
- c). Ter unha idade mínima de tres meses na data de ingreso.
- d). Non cumprir os 3 anos con anterioridade ó 31 de decembro do ano de presentación de solicitude.

e). Para reserva de praza é requisito imprescindible estar ao día no pagamento das cotas mensuais na data de presentación da solicitude.

No caso de integrarse nenas/os con discapacidade física, psíquica ou sensorial, o ingreso dos mesmos estará supeditado á existencia de condicións infraestructurais idóneas e de persoal axeitado. En ningún caso pode haber máis dun neno ou nena de integración por aula, contando estas prazas a efectos de ratio como dúas.

2ª.- Procedemento de adxudicación

As prazas adxudicaranse por esta orde:

1º.- Reserva de praza ordinaria. Gozan de preferencia as solicitudes de permanencia de nenas e nenos matriculados na escola no curso de presentación da solicitude sempre que cumpran os requisitos do parágrafo primeiro destas normas.

2º.- Prazas de novo ingreso. Unha vez adxudicada a modalidade anterior, as prazas vacantes adxudicaranse ás/ós solicitantes de novo ingreso segundo a puntuación obtida por aplicación do baremo que figura como anexo III.

3ª.- Ingresos urxentes.

Para ingresos de máxima urxencia reservárase un 5 por 100 das prazas da escola. Considerándose como tales, segundo a lexislación vixente, os seguintes:

- Menores tutelados/as pola Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar.
- Fillas/os de mulleres que se atopen en casas de acollida ou vítimas de violencia de xénero.
- Aqueles outros nos cales concorran circunstancias socioeconómicas e familiares que requiran unha intervención inmediata.

CULTURA

MGL

Refª: Bases para a adxudicación de praza na guardería.doc

Asunto: normas procedimentales para adxudicación de prazas na escola infantil

4ª.- Horarios e calendario da escola.

a).- Horario. A escola infantil municipal Serra de Outes estará aberta desde as 8,00 horas ata as 20,00 horas, agás se non ha demanda que pechará as 18,30 horas. As entradas e saídas son as que figuran no anexo IV.

O horario dos menores na escola será continuado non podendo superar as 8 horas diarias, coa salvedade de que se concorren circunstancias excepcionais, debidamente xustificadas, poidan permanecer un tempo superior.

b).- Calendario. A escola infantil municipal Serra de Outes presta servizo durante todo o ano, agás o mes de agosto que se pechará para poder facer os arranxos e obras que se precisen na escola.

5ª.- Prezos.

Os prezos que deberán pagar os pais, nais ou tutores serán o establecidos nas Ordenanzas Fiscais aprobadas anualmente polo Excmo. Concello de Lugo.

6ª.- Solicitudes e documentación

a). Reserva de praza dos nenos e nenas que obran matriculados na escola en cursos anteriores. Para a reserva de praza os/as interesados/as presentarán a solicitude segundo o modelo anexo I xunto coa documentación que no mesmo se pide.

b). Novo ingreso. Para solicitudes de novo ingreso presentarse o modelo anexo II xunto coa documentación que no mesmo se pide.

Os impresos de solicitude -anexo I e anexo II- facilitaranse no departamento de Educación, en Atención o Ciudadán, na propia Escola Infantil e no enderezo electrónico do Concello de Lugo.

7ª.- Lugar e prazo de presentación das solicitudes.

As solicitudes -reserva e novo ingreso- coa documentación requirida presentaranse no rexistro xeral do Concello de Lugo, sen prexuízo do disposto no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Os prazos para a presentación de solicitudes serán no mes de marzo, nas datas que figuren na correspondente convocatoria anual. O Decreto aprobando dita convocatoria farase público no Taboleiro de anuncios e páxina web do Excmo. Concello de Lugo no mes de febreiro e recollerá o número de prazas ofertadas en cada unidade así como os prezos vixentes segundo a ordenanza fiscal.

CULTURA

MGL

Refª: Bases para a adxudicación de praza na guardería.doc

Asunto: normas procedimentales para adxudicación de prazas na escola infantil

8ª.- Tramitación dos expedientes.

No departamento de educación do Concello de Lugo tramitaranse os expedientes e comprobarase que estes reúnen os requisitos esixidos. De non ser así, requirirase a/o interesada/o para que nun prazo de dez días emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, de conformidade con establecido na Lei 30/1992, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común.

9ª.- Avaliación das solicitudes.

a). A selección das solicitudes efectuarase en función da puntuación acadada segundo o baremo establecido no anexo III, mediante o que se avaliarán os factores socioeconómicos, familiares e laborais da unidade familiar. En caso de obter igual puntuación daráselle prioridade a renda per cápita máis baixa.

b). Aplicaráselles a tódalas solicitudes recibidas un procedemento de valoración. Con tal fin constituirase unha comisión de baremación e selección coa seguinte composición:

- Presidencia: a/o concelleira/o de Educación do Concello de Lugo.
- Vocais: o/a director/a da Escola e un/unha representante das/os nais/pais das/os nenas/os da Escola.
- Secretario: unha/un funcionaria/o do departamento de educación do Concello de Lugo.

Os acordos tomaranse por maioría simple e resolverá en caso de empate a presidencia.

c). A dirección da Escola convocará as/os nais/pais a unha reunión que se celebrará anualmente antes de rematar o prazo de solicitudes de reserva de praza, co fin de proceder á elección da/o representante na comisión de baremación e selección.

10ª.- Listas provisionais e definitivas.

Farase pública a lista provisional de nenas e de nenos admitidos por grupos de idade e coa puntuación obtida na fase de baremación. Esta lista publicarse no Taboleiro de Anuncios do Excmo. Concello de Lugo durante o prazo de dez días, podendo os interesados, durante este prazo, alegar os erros advertidos e/ou os cambios que se puideran producir na situación socioeconómica e/ou familiar. Ditos cambios referiranse única e exclusivamente ós producidos durante o período de presentación de solicitudes.

Unha vez comprobadas as reclamacións presentadas contra a relación provisoria, o departamento de educación do Concello propondrá a aprobación da relación

CULTURA

MGL

Refª: Bases para a adxudicación de praza na guardería.doc

Asunto: normas procedimentales para adxudicación de prazas na escola infantil

definitiva de admitidas/os e a lista de espera por grupos de idade, coa puntuación obtida así como a cota mensual que corresponda aboar en cada caso.

Así mesmo esta lista definitiva será publicada no Taboleiro de anuncios do Excmo. Concello de Lugo na páxina web durante o prazo de dez días. Podendo consultar a mesma nos departamentos citados no punto oitavo, apartado d).

11ª.- Formalización da matrícula.

As/os solicitantes admitidos disporán dun prazo de 10 días naturais a partir do día seguinte á publicación da lista definitiva de admitidos e excluídos, para conformar a súa praza presentando na Escola a seguinte documentación:

- Informe médico da/o menor, comprensivo do estado xeral e das vacinas.
- Fotocopia do número de conta bancario, onde ser cargarán os recibos xerados na Escola, agás os nenos e as nenas que sexan becarios.
- Fotocopia da tarxeta sanitaria da/o menor.
- Dúas fotografías tamaño carnet da/o menor.

Se non se presenta a devandita documentación no prazo sinalado, terase por desistida a solicitude da praza.

12ª.- Lista de espera.

A lista de espera estará constituída polas/os solicitantes que non obteñen praza, ordenados segundo a puntuación acadada.

As vacantes que vaian producindo ó longo do curso serán cubertas por rigorosa orde de puntuación entre os solicitantes en lista de espera.

13ª.- Revisión de prezo.

Como así consta na Ordenanza fiscal 116, ó longo do curso poderase proceder á revisión do prezo fixado inicialmente, cando concorran e se xustifiquen variacións socioeconómicas na unidade familiar.

14ª.- Baixas.

Causarase baixa na Escola por algunha das circunstancias seguintes:

- a). Por incumprimento da idade máxima regulamentaria de permanencia na escola.
- b). Por solicitude das/os nais/pais/titores
- c). Polo non pagamento do prezo establecido durante dous meses consecutivos ou tres alternos, sen prexuízo da reclamación da débeda polo procedemento regulamentario establecido.

CULTURA

MGL

Ref^a: Bases para a adxudicación de praza na guardería.doc

Asunto: normas procedimentales para adxudicación de prazas na escola infantil

d). Por comprobación de falsidade nos documentos ou datos achegados.

e). Por incompatibilidade ou inadaptación absoluta para permanecer na escola.

f). Por falta de asistencia continuada durante un mes sen causa xustificada.

As baixas resolveranse por Resolución da Alcaldía a proposta do departamento de educación unha vez oído e visto o informe da dirección da escola.